

| | |
|----------------------------|---|
| Referencia: | 2023/681A |
| Procedemento:: | Expedientes de aprobación y modificación de los presupuestos del CAV |
| Interesado: | |
| Representante: | |
| INTERVENCIÓN (4855) | |

MEMORIA DA PRESIDENCIA DO PROXECTO DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2023

En cumprimento do que dispoñen os artigos 168, apartado 1), paragrafo a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18. 1 apartado a) do Real Decreto 500(1990 de 20 de abril, esta Presidencia eleva a Asemblea do Consorcio o proxecto do Orzamento e as súas Bases de execución para o exercicio 2023, en unión desta memoria na que se analizan os aspectos máis relevantes e que en síntese son as seguintes:

O proxecto do orzamento do Consorcio de Augas de Valdeorras para o exercicio 2023, que se somete á consideración da Asemblea do Consorcio, ascende en ingresos e en gastos á **cantidade de 1.865.000,00 euros (UN MILLÓN OITOCENTOS SESENTA E CINCO MIL EUROS)**.

O proxecto de orzamento presenta o equilibrio formal e real esixido expresamente polo Texto Refundido da lei de Facendas Locais e polo Real Decreto 500/90. Cumpre igualmente o principio de universalidade, dado que o orzamento xeral do Consorcio, inclúe a totalidade dos gastos e os ingresos do mesmo.

Polo que se refire ó contido do proxecto do orzamento, pódense destacar os seguintes aspectos:

DOS GASTOS

Capítulo I do orzamento, respecto o gasto do persoal, existe correlación entre os créditos do capítulo I de Gastos de Persoal, incluídos no orzamento e o anexo de Persoal de esta entidade local para este exercicio económico, ascendendo a cantidade de **450.058,59 euros** ao anexo de persoal e indicando na dotación orzamentaria as posibles variacións.

Os gastos de persoal comprenden os propios do cadro de persoal.

En canto ao cadro de persoal do Consorcio, estará integrado polas seguintes prazas de persoal laboral fixo:

CONSORCIO DE AUGAS

2 Administrativo, persoal de redes e de plantas e condutores dos camiións impulsores-succionadores.

As prazas de persoal laboral configúranse como prazas de persoal laboral fixo en atención ao seu carácter estrutural, e sen prexuízo da concreta situación xurídica do persoal que actualmente ocupa as prazas.

Representa o 24,14 % do orzamento.

Capítulo II do Orzamento, as contías máis relevantes corresponden ás destinadas a asistencias técnicas de depuración, abastecemento e saneamento, enerxía eléctrica, combustible, primas de seguros, canon a pagar a Confederación Hidrográfica Miño – Sil e algún gasto mais, necesarios todos elas para o desenvolvemento das actividades propias do Consorcio. **Representa o 74,10 % do orzamento.**

Capítulo III do Orzamento, gastos financeiros, coa finalidade de facer fronte as comisións bancarias que xurdirán no exercicio económico. **Representa o 0,20 % do orzamento.**

Capítulo VI do Orzamento para investimento en maquinaria. Corresponden a gastos **devengados no exercicio 2022**, é para os que non existía crédito adecuado e suficiente. Por este motivo, non se inclúe un Plan de Investimentos, xa que non se prevén no exercicio 2023 ningún. **Representa o 1,60 % do orzamento.**

DOS INGRESOS

Con respecto aos ingresos, o Consorcio financiarase, de conformidade co artigo 14 dos seus estatutos, cos seguintes recursos:

- a) O coeficiente de vertedura aos sistemas públicos de depuración de augas residuais xestionados polo Consorcio, nos termos previstos na Lei de augas de Galicia.
- b) As achegas das entidades consorciadas.
- c) Os ingresos de dereito privado, entendendo por tales os froitos, rendas e xuros dos bens e dereitos patrimoniais de que sexa titular o Consorcio, así como os ingresos procedentes do seu alleamento, e os ingresos resultantes do exercicio de actividades económicas.
- d) As herdanzas, legados e doazóns.
- e) As taxas e prezos públicos pola prestación de servizos ou realización de actividades en réxime de dereito público.
- f) As contribucións especiais que poidan establecerse para a execución de obras ou o establecemento, ampliación ou mellora de servizos públicos.
- g) Subvencións e outros ingresos de dereito público.
- h) O produto das operacións de crédito.
- i) O produto das multas ou sancións que poida impoñer o Consorcio.
- j) Calquera outro non previsto nestes estatutos, sempre que sexan aplicables conforme a lexislación vixente.

CONSORCIO DE AUGAS

Os ingresos previstos nos orzamentos de 2023 responden fundamentalmente á estimación de ingresos polas taxas dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración.

Na Asemblea do Consorcio de Augas celebrada o 12 de novembro de 2020 acordouse aprobar unha modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais nos municipios da comarca de Valdeorras, que cubriría os custes do servizo sen necesidade que as entidades consorciadas aportasen ningunha achega dende o exercicio 2021.

Como os ingresos non alcanzan as cantidades estimadas para o exercicio 2023, e para evitar que o resultado orzamentario negativo continúe aumentando, estímase os ingresos pola taxa de depuración de augas residuais a baixa, polo que para compensar o déficit orzamentario entre gastos e ingresos, considerase necesario que **a Deputación Provincial de Ourense, neste exercicio 2023 aporte ao Consorcio de Augas de Valdeorras a cantidade de 520.000,00 euros.**

Nas bases de execución do orzamento clarifícanse tódolos aspectos relativos á xestión e execucións dos orzamentos que non están expresamente recollidos na lexislación de modo imperativo e adáptase o réxime de execución de ingresos e gastos ás peculiaridades do Consorcio. Ante calquera dúbida ou non estea reflectido nestas Bases, remitirémonos as Bases de execución da Entidade Matriz do Consorcio, a Deputación Provincial de Ourense.

O total dos créditos orzamentarios consignados poden considerarse suficientes para atender as obrigacións exixibles o Consorcio.

O Consorcio atópase adscrito á Deputación Provincial, polo que os orzamentos do Consorcio deberán integrarse nos orzamentos xerais da administración provincial.